

O GALEGO NA EMPRESA

ENQUISA DA FUNDACIÓN GALICIA EMPRESA

Decembro 2010


A enquisa realizada entre as empresas agrupadas na Fundación Galicia-Empresa revela que se ben hai un traballo feito que comeza a dar os seus froitos, é evidente que necesita un reforzo para profundizar, acadar unha maior visualización e gañar en eficacia. Os datos indican que debemos apuntalar a proactividade para expandir as mensaxes de interese que, en definitiva, non é outro que a utilización do galego na empresa.

Unha segunda lectura dos resultados indica que a comunicación interna no ámbito empresarial carece das ferramentas necesarias para acadar os obxectivos fixados. Probablemente sexa este apartado, o administrativo e de relación co empregado, o que presenta un maior número de debilidades.


Sen embargo, é conveniente destacar que o esforzo para lograr que o galego sexa o idioma vehicular na empresa debe estar directamente vencellado ás dotacións orzamentarias. A ninguén se lle escapa que o éxito dalgúns dos obxectivos que se fixa a Fundación están directamente relacionados coas partidas orzamentarias, inexcusablemente necesarias para acadar o fin que nos propoñemos.

Os datos resultan extraordinariamente interesantes para a Fundación porque nos indican o camiño a seguir e oriéntannos sobre as debilidades e fortalezas dos nosos asociados. É, por así dicilo, unha foto fixa que nos sinala o camiño a seguir e o xa percorrido.

	SI	NON	NC
	Satisfactorio		
Atención en galego a quen use o galego	18	4	0
	Suficiente		
Indic. Pert. á Fund. Galicia-Empresa	14	6	2
Web con opción en galego	13	9	0
Comunicacións oficiais en Galicia	12	8	2
Publicidade en Galicia en galego	12	8	2
Procedementos xestión persoal	11	10	1
Comunicacións aos traballadores	11	7	4
Rotulación con opción en galego	11	8	3
	Insuficiente		
Convenio Colectivo	10	9	3
Actas de reunións	9	11	2
Formación en galego	8	11	3
Formación de galego	7	12	3
Anuncios de conv. de XX en prensa	5	9	8
	Negativo		
Actas de xuntas	5	13	4
Contratos de traballo	4	15	3
Cláusulas de dereitos ling. no CC	1	13	8
Nóminas	1	15	6



Para profundizar no diagnóstico, dividimos os resultados en catro apartados de menor a maior: Negativo, Insuficiente, Suficiente e Satisfactorio.




Parece urxente adoptar medidas nos epígrafes que recolle o cadro. A través deles (actas, contratos, nóminas e cláusulas), certificamos o idioma no que manifestamos a lingua que empregamos cos traballadores. Por tanto, resulta ineludible realizar un esforzo nestes catro puntos nos que o traballador valora directamente cal é o idioma de relación coa empresa, así como o propio grao de implicación da firma coa lingua propia.

E éo máis se temos en conta que a primeira relación laboral entre empresa e traballador defínea o contrato de traballo. Non debemos esquecer tampouco as nóminas, que trasladan

igualmente o compromiso entre empregado e empregador e definen o compromiso lingüístico. Todo isto forma parte da linguaxe externa, cara ao traballador, a través do departamento administrativo da empresa.

Por tanto, concluímos, é importante reforzar este apartado que presenta debilidades e necesita dotarse de fortalezas.



Os convenios colectivos en galego é o apartado que mellor parado sae nas respostas. Debemos poñelo no haber dos sindicatos, que posúen un alto grao de implicación co idioma. Polo contrario, chama poderosamente a atención o resultado que alcanzan os anuncios de convenios. A dotación orzamentaria adecuada, como xa quedou dito, desempeña un papel importante para garantir uns bos niveis formativos. Se estes son escasos ou non acadan os obxectivos fixados, hai que

atribuílo á escasez do capítulo económico. A formación nunca será boa se non dispón de orzamento.

Cómpre que todos os puntos deste apartado melloren notablemente porque suporá un respaldo aos obxectivos fixados. Un avance en todos eles mellorará o uso do idioma na empresa.

A Fundación Galicia-Empresa non é allea á situación e prevé accións que conduzan a unha substancial mellora nese capítulo.




Atopámonos ante o primeiro cadro que presenta datos positivos. Podemos observar as boas valoracións que obteñen a “comunicación ós traballadores”, “publicidade en galego” ou as “comunicacións oficiais en Galicia”. Son esforzos que están dando bo resultado debido tanto á iniciativa despregada pola Fundación como pola aplicación das directrices que emanan da normativa deseñada por Política Lingüística.

Con certo optimismo podemos interpretar o resultado deste apartado e a súa evolución ante outras respostas que na actualidade presentan unha gran debilidade (ver cadro 1). Unha combinación de esforzo e interese permitiría a medio prazo realizar unha valoración en positivo ou dito doutro xeito: se na comunicación cos traballadores se emprega o galego, non existe xustificación para non facelo na confección de nóminas.

Tamén gaña terreo a publicación de páxinas web en galego como elemento identificativo e de compromiso. Os datos positivos acadados neste apartado debemos atribuílos á magnífica complementariedade entre a iniciativa privada e a política lingüística institucional.

SATISFACTORIO



Os resultados non deben ser satisfactorios só por empregar o galego con quen se dirixe a nós neste idioma; a satisfacción debe lograr obxectivos máis amplos e debe comprender outras

áreas diagnosticadas nesta enquisa. Para iso será necesario deseñar unha serie de actuacións que distingan o uso do galego na empresa e lle confiran a normalidade que demanda e necesita.

O camiño está deseñado e os avances son importantes. Sen embargo, a seguinte fase debe acarrear unha manifesta mellora no uso vehicular do idioma galego, tanto na área administrativa como na das relacións internas.

EMPRESAS QUE CONTESTARON A ENQUISA

Nº	EMPRESA	FACTURACIÓN EN € (ANO 2008/9)	Nº EMPREGADOS
1	Altair Ingeniería y Aplicaciones, S.A.	24.502.176,23	130
2	Ángel Roade, S.L.	7.300.000,00	59
3	Bodegas Martín Códax, S.A.	14.371.175,00	40
4	Bodegas Terras Gauda, S.A	9.213.203,36	45
5	Bricoking, S.A.	58.000.000,00	354
6	Cristalería Pontevedresa, S.A.	5.900.000,00	43
7	CRTVG	25.384.311,00	995
8	Digamel, S.A.	44.725.183,00	160
9	Editorial Galaxia, S.A.	2.168.404,50	19
10	Energía de Galicia, S.A.	16.082.000,00	28
11	Financiera Maderera, S.A.	620.000.000,00	1.374
12	Fundación Caixa Galicia	En proceso de fusión	
13	Grupo Pérez Rumbao	281.000.000,00	900
14	Jealsa Rianxeira, S.A.	370.000.000,00	1.664 (España)
15	Marcelino Martínez, S.L.	30.000.000,00	210
16	Pérez Torres Marítima, S.L.	29.867.853,00	168
17	Puerto de Celeiro, S.A.	50.000.000,00	40
18	R Cable, S.A.	210.000.000,00	197
19	Rodman Polyships, S.A.	168.307.468,00	394
20	Sargadelos, S.L.	11.125.000,00	225
21	Sogama, S.A.	88.383.000,00	24
22	Supervisión y Control, S.A.	31.650.000,00	396
23	Televés, S.A.	110.239.331,00	347
24	Xesgalicia, S.A.	3.300.000,00	19
	SUMA	2.211.519.105,09	7.831